

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FEDERACIÓN PROVINCIAL DE CONFRARÍAS DE PESCADORES DE LUGO

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten previsto formalizar coa Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 21.07.2023 ata o 16.12.2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo co fin de financiar as inversións que leve a esta institución sen ánimo de lucro a acadar a mellora da competitividade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que se trata dunha subvención nominativa porque na Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 figura a dotación orzamentaria no capítulo VII de Transferencias de Capital, 15.03.722A.781.5, proxecto 2014 00639, destinada a financiar convenios coas federacións de confrarías de pescadores para realizar determinadas inversións.

E de conformidade co artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

Neste ano 2023, e dentro do plan de cultura marítima de Galicia Horizonte 2030 que ten entre os seus obxectivos estratéxicos conservar e promover a cultura marítima nos seus diversos ámbitos como eixe de cohesión social e coa finalidade de resaltar a variedade de manifestacións da cultura marítima e sensibilizar a sociedade na comprensión da mesma así como garantir a súa transmisión



interxeracional, unha vez conseguida a volta á normalidade prepandémica, esta federación de Lugo quere realizar unha acción divulgativa consistente na recompilación das diferentes formas de honrar á Virxe do Carme (patroa dos mariñeiros) nas localidades onde existe unha confraría de pescadores a través das súas festas, isto é Ribadeo, Foz, Burela, San Ciprián, Celeiro e O Vicedo. Esta acción consistirá nunha tirada de DVDs nos que se vai mostrar as diferentes festas nas localidades así como entrevistas aos mariñeiros sobre como foi a evolución no xeito de honrar á Virxe. Xunto aos DVDs imprimiranse uns dípticos reflectindo o que se expón nos devanditos DVDs e levarán, así mesmo, engadidos cada un dos dípticos uns USBs coa información contida nos DVDs. Tamén terán enlace a páxina web da Federación na que se amosará tamén a dita divulgación.

Que a Federación Provincial ten previsto organizar no mes de outubro unha nova edición do "Congreso da pesca artesanal no caladoiro cantábrico-noroeste (CNW)", que serve para poñer en común as principais demandas do sector, mediante a xuntanza dos representantes sectoriais de todo o litoral do caladoiro Cantábrico Noroeste (desde Pontevedra a Guipúscoa).

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asina esta memoria, en Santiago de Compostela  
A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo  
(asinado dixitalmente)

